



## **INNOVACIÓN E INDUSTRIA PON EN MARCHA UN PROGRAMA PARA A CAPTACIÓN DE CIENTÍFICOS DE PRESTIXIO INTERNACIONAL**

- **O programa IMAN –Unidade de Captación de Intelixencia Estratéxica– complementa o programa de recursos humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 (IN.CI.TE) e terá unha dotación de 8-9 millóns de euros até 2010**
- **O obxectivo deste programa é a contratación de investigadores altamente cualificados para liderar proxectos estratéxicos para Galiza**

**Santiago, 27 de xullo de 2007.-** O conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Blanco, presentou hoxe o Programa IMAN, desenvolvido pola Consellaría co obxectivo de completar o programa de recursos humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 (IN.CI.TE), e que se converterá nun instrumento de captación de científicos e tecnólogos de recoñecido prestixio internacional, coa fin de executar proxectos de carácter estratéxico para Galiza. O IMAN, ou Unidade de Captación de Intelixencia Estratéxica, estará adscrito á Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, dependente desta Consellaría.

Segundo explicou o conselleiro -que estivo acompañado no acto polo director xeral de I+D+I, Salustiano Mato, e polo xerente da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial, Xosé Lois Villasante- a este proxecto achegarase o 5% do orzamento do programa de recursos humanos do IN.CI.TE, entre 8 e 9 millóns de euros. Como primeira achega, destinaranse aproximadamente 1.500.000 euros para o arranque do proxecto e primeiras accións no 2008. De xeito paralelo, tamén se traballa no financiamento a través de mecenado e convenios con empresas e entidades financeiras.

O obxectivo deste programa é a contratación de investigadores altamente cualificados para liderar proxectos e plans estratéxicos do IN.CI.TE. Para isto, levaranse a cabo contratos de alta dirección para o desenvolvemento de Centros Tecnolóxicos e Centros de Investigación de Excelencia, contratos de valor estratéxico para a posta en marcha e dinamización de accións estratéxicas e contratos de alto nivel para a promoción de proxectos de gran alcance.

A unidade desenvolverá procedementos e campañas de captación dos máis acreditados investigadores do mundo. Utilizaranse alomenos dúas modalidades de contratación: temporal e indefinida. A contratación temporal terá como finalidade atraer por un tempo determinado aos mellores especialistas do mundo para o arranque dos primeiros pasos dos plans estratéxicos xa definidos no IN.CI.TE. Por outra banda, os contratos indefinidos serán destinados a aqueles postos nos que se debe fixar un labor estrutural. Estes contratos estarán sometidos á valoración do rendemento dos investigadores contratados.

### **Calendario do programa**

Entre setembro e decembro deste ano, definirase a Unidade de Captación de Intelixencia Estratéxica. Así mesmo, darase paso á contratación de persoal e á súa posta en



funcionamento. Entre xaneiro e abril do vindeiro ano, levarase a cabo a primeira campaña de captación internacional de postos definidos pola Xunta e terá lugar a primeira convocatoria para a selección de perfís propostos polos centros e organismos de investigación. E xa por último, de maio a decembro do 2008 realizaranse os primeiros contratos.

**SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**